

AO CABO D'UN ANO

Un ano vai alá — cumpreuse o decenove de xulio — desde que as forzas regresivas da Hespaña, todos os parásitos que ollaban ao porvir como a seu enemigo, puxeron n'unha traizoeira insurrección a zurda esperanza de renovar e d'afincar en firme os seus inícuos privilexos.

Non se pode dicir que trouxeron a división ou que afondaran o surco da discordia. A división era moi vella e a loita estaba xa enablada: d'unha banda, o traballo, o espírito creador, a arela d'unha equilibrada, realista e humana xustiza distributiva, o anseio de liberdade, a fe na esponánea inspiración nacional, a confianza na vontade popular; de outra, a perguiza, o espírito usurpador, a terquedad dos herdeiros por enriba de toda xustiza, o afán cego de domiñación, o desprezo do povo. Os d'esa banda chamábanse a sí mesmos patriotas, tradicionalistas, cristiáns. De patria, tradición e cristiandá sababan rendas como dos latifundios. Tan lonxe estaban da patria verdadeira e viva tradición como está lonxe do misterio da terra o que explota ao que a traballa — talvez sin ter visto medrar un pe de millo.

Os «empresarios» da patria endexamáis crearan nada — eles nin seus abós —. Pero o mais grave é que non deixaban crear tampouco. Cada vez que o verdadeiro ser da Hespaña quería medrar, definíndose en formas de cultura e de convivencia xusta, organizarse a fondo, erguer con lanzalía a proa dos seus baixeles, atopábase con todo un vello aparato — mais ben unha codia, un aparato isterno e opresor — que lle impedía xurdir, manifestarse, ir a onde quería...

Reventou a codia — tal pareceu ao se proclamar a República —, pero seus anacos movíanse como cousa viva, xuntábanse nas tréboas... Eran movidos polos que se reorganizaban para unha acometida monstruosa na teima de converter de novo a Hespaña n'un sapocuncho. (No tempo en que frolecían os vagorosos mitos célticos — de engados, demos selváticos e sorprendentes metamorfosis — a fantasía popular houbera visto ou soñado a hestoria da Hespaña derradeira como un pesadelo, o pesadelo d'un mozo varado que non quere ter cuncha opresora, nin andar a catro patas estricando o pescozo).

A loita era vella. Pero os da banda feudal estaban cheos de sorpresa e de crecente alarma ao ver que Hespaña non era cousa inerte ou tan pasiva e fácil de domeñar e corromper como eles

coidaban. Asustáronse da vitalidade, da profunda enerxía, da sutilísima prudenza do povo hespañol; aterráronse vendo que a vontade nacional, tanto tempo encuberta ou disfrazada por eles ao seu gusto, tiña unha forza incontrastable e unha cordura perigosa...; víronse xa desplazados d'unha Hespaña limpa, porque eles eran lixo; e despois do premeiro desconcerto puxéronse d'acordo para afogar aquela vitalidade, para esquivar esa limpeza... E foi d'aquela cando escomenzaron a croaren o seu «¡Arriba España!».

A formidable bravura con que se ergueu o povo hespañol para sair ao paso dos traidores — depositarios das armas, que son do povo mesmo, e servos d'unhas castas desleigadas e fondamente impopulares —, aquela bravura exemplar endexamáis poderá ser esquencida, e do seu esplendor nascerán, por enriba de todas as continxencias, a Hespaña verdadeira e o mundo anunciado.

¿Porqué se entorpece ese nacemento? ¿Qué estranos parteiros interveñen? ¿Qué está acontecendo no mundo dende aquela data deslumbradora do decenove de xulio? ¿Qué sombras están caíndo sobre Europa?

Un ano vai alá. Esas preguntas, dende aquela data, non son novas. Abicaron premeiro no horizonte como unha núa escura. Foron medrando, enchen oxe o ceo. Pero o fé de Hespaña é mais forte que esa sombra.

N'un ano demostrouse a valía d'un povo, manifestouse en froles d'heroísmo a súa viva tradición, ispresouse a súa vontade con lanzalía que non ten comparanza; no mesmo tempo foise desacreditando a capacidade rectora das clases dirixentes europeas. ¿Chegarase na hipocresía e no cinismo a istremos derradeiros, sen que os povos de todo o mundo se ergan como se erguen o noso?

Hai quen coida que todo o tecido da hestoria está feito cos fíos da diplomacia e dos negocios. Ao que tal pensa agárdanlle quizais grandes sorpresas.

Si os povos da América simpatizan co noso espírito, si estiman a nosa dignidade, si queren axudar ao noso trunfo, aceleren a limpeza na propia casa, organicen a súa cidadanía, loiten cos medios oportunos — pero con toda urxencia — para dignificaren a súa vida política, e será d'aquela cando a súa fraternidade terá unha base firme para se manifestar. Cando na Hespaña se impoña a dignidade terán moito ganado para se libertaren os países irmáns. Mais, si queren axudarnos, non agarden á nosa victoria; aceleren vencendo ou debilitando aos seus parásitos.

DA GALIZA MÁRTIR

por Castelao



—Así aprenderán a non ter ideas

—Así aprenderán a non ter ideas

LEMBRANZA

As lembranzas sempre son saudosas porque teñen a melanconía esvaída pol-as lonxanías; pero as lembranzas que oxe acuden a nós veñen cangadas de sufrimentos terribles.

Son as doce de noite. Tal día como este celebrábase a festa de Galiza. Todo era ledicia dende que o día agomaba. A nosa esperanza era unha inmensa fogueira, cada ano máis acesa. Mais oxe non é o día de Galiza.

Oxe é a noite de Galiza. ¡Oxe é a noite! Unha noite poboada de pantasmas.

Xa non veremos máis a flor das nosas xentes. Xa non ouviremos endexamáis a voz dos «bós e xenerosos» que en tal noite como esta falaban na Quintana dos Mortos de Compostela para er-

guer a vontade nacional do noso país. Os mellores galegos morreron asesinados ou andan polo mundo co peso dos mártires no corazón.

N-este 25 de xulio do 1937 sentímonos fillos da morte e quixéramos volver a contar o tempo por noites e non por días. Sentímonos pesarosos de vivir e quixéramos estar xa na compañía dos que se foron. Pero aínda hai lume no noso corazón de patriotas.

A patria non é un obxecto que se poida perder; non é unha cousa que se poida roubar. A patria vive no corazón dos patriotas ou non existe. E a patria galega sentímolos viva dentro de nós. Tamén sentimos o deber de vivir por ela e para vengar aos nosos mártires, gardar a súa memoria

e realizar os seus postrimeiros anseios.

Sabemos que a victoria non pode ser máis que nosa, calisquera que sexan os avatares d-esta guerra civil. Sabemos que Galiza conquerrá a súa liberdade. E sabemos que Galiza celebrará con ledicia o seu día de gloria.

¿Qué importa que os vellos quedemos enloitados para sempre! ¿Non haberá mozos que sintan unha ledicia íntegra no corazón?

Voltaremos a celebrar o día da patria. Falarán en tal noite como esta — cicais nós mesmos —, outra vez, na Quintana dos Mortos de Compostela. Haberá bandeiñas, músicas, foguetes e cántigas. Os galegos terán o corazón máis duro, os sentimentos máis rextos, o pensamento máis firme; pero a ledicia será un aturuxo de victoria, a rolar pol-a nosa Terra.

CASTELAO

RAFEGAS N'UNHA CONVERSA

DO QUE SINTE OXE GALIZA

A persoa que agora fala con nós — chegada, non hai moito, de Galiza — une á súa veracidade o don de coordinar os feitos, a capacidade de síntesis propia do espírito cultivado. Prestixiaríamose co seu nome estas páxinas, pero a prudenza obríganos a ocultalo por agora, así como os pormenores da súa evasión e o itinerario do seu viaxe. Reflexa aínda nas súas verbas, seguras cando definen, unha fonda tristura cando lembran... E en cada pausa da conversa interroga, premeiro cos ollos, e despois coa voz: «¿Cómo rematará todo isto?» Sin agardar resposta cambia o xesto e súmase á nosa fé na derradeira vitoria da xustiza. E engade, n'un pulo metá cólerico, metá esperanzado: «¡Si a nosa xente (refírese a Galiza) poidera erguerse e axudar en forma!».

— Si o descontento é casi unánime — preguntamos —, ¿como non se manifesta n'unha revolta sonada e definitiva?

— Calquera día pode suceder... Esto dí, pero despois pensa e corríxe:

— E un pouco infantil coidar que iso poida suceder un día, de súpito, como por un acordo... A subversión eisiste xa. Manifestáase no escaso rendimento do traballo, na ocultación dos froitos, no crecente número de desertores e de prófugos, nas automutilacións de soldados e oficiais, en varios xeitos de saboteo, na acción dispersa de partidas montesías e, en fin, na propaganda antifeixista que en segredo fai cada veciño...

— Así — dicimos — chegarase un día a un acordo; e d'aquela...

— O acordo — replica — eisiste xa. Eisiste desde o comenzo. O que a xente se comunica, desafogándose, é o estado de espírito e de ánimo, o furor crecente... ¿Acordo para unha acción combinada? Moi difícil oxe. Pero iso non importa. Unha insurrección non é unha partida d'axedrez. Parécese mais a un incendio... Combustible hai xa d'abondo. Fogueiras espalladas non faltan.

— ¿E a gran fogueira?

— Renuncio agora — dí sorrindo — ao simil do incendio. Prefiro o do amanecer... A insurrección, manifesta ou latente, audaciosa ou solerte, non deixou de eisistir en Galiza dende que caeu baixo o terror feixista — ou dende que sinteu a súa ameaza. Dende entón as condicións subxetivas son cada día mais favorables a unha revolta. As obxetivas dependen moito do que pase na móvil fronteira que separa o campo faccioso do campo leal. A esperanza que había na nosa terra era inmensa. Nos primeiros meses de loita non houbera sido mester chegar ás portas

mesmas de Galiza para que alí se levantase o povo. Abondaría distraer parte das forzas que o teñen sometido. Despois foi medrando a impaciencia. E oxe, no desespero, a indignación do povo, contaxiada aos soldados, está minando desde moi adentro o artificio do poder feixista. ¿Quen, dos vivos, non foi en Galiza lesionado nos seus intereses ou nos seus sentimentos? A minoría ileal, os dirixentes do terror, pódese dicir que xa non contan, con plea seguranza, mais que con forzas estranxeiras e c'unhas cantas bandadas de larizáns d'instintos criminosos. Aínda que foron fusilados nos primeiros tempos os oficiais mais honestos, que se ergueron contra o complot reaccionario, e grande parte dos soldados que os seguiron; e aínda que os feixistas fixeron unha escolma de homes dignos e audaciosos para asesinalos, ese empeño de castración sistemática é un fracaso...

O noso amigo fai unha pausa, e como reorganizando o seu pensamento, continúa:

— É certo que en Galiza foron asesinalados casi todol-os homes de sensibilidade política, os que representaban un risco evidente para o «sistema» irracional e aldraxante que pretenden impoñer os palurdos facciosos; certo que xa casi non queda ningún dos que poideran ter sido caudillos da liberdade no primeiro intre do golpe militar; certo, en fin, que o povo está inerme, depauperado e que non hai organizacións obreiras (como non sexan algunhas clandestinas, e moi perseguidas, para o socorro mutuo); mais non hai que esquecer que un ano de terror feixista, de caciquismo descarado, é unha escola política... As xentes de sentido civil mais adormecido, os que non soñaban que os problemas colectivos poideran afectarlles, e aqueles bos cidadáns que aínda dando o seu voto con sinceridade, nunca houberan pensado en intervir n'unha acción que pedise mais grandes sacrificios, ven oxe con crudelísima craridade... En canto aos soldados, o que non ten queixa por lle mataren irmáns, amigos ou parentes, tena das coaccións e aldraxes que sofre, e recibe ademais no espírito o reflexo do descontento da poboación civil. Oxe aínda é difícil que poidan sublevárense con éxito. Son demasiadas as forzas estranxeiras e mercenarias que contribúen ao sometimento de Galiza, garantendo moitas d'elas a retaguarda mentras mandan os galegos ao fronte. E no fronte mesmo, tercio, guarda civil e alemáns forman unha tenaza para evitar desercións e sofocar levantes. Pero o sistema represivo, aínda sendo d'estrema

crueidade, será impotente no intre en que se fagan puxantes ofensivas dende Asturias. Non hai fronte seguro c'unha retaguarda hostil... E ise é, en grande escala, o caso de Galiza, doblemente agravado en contra do feixismo pol-o estado d'espírito dos soldados galegos que loitan obrigados. Por moito que se esprique non é fácil darse conta da profunda ansiedade conque se agarda en Galiza o intre de poder axudar á vitoria definitiva da República...

— ¿Cómo se podeira ispresar o pensamento dos campesiños, n'ista hora?

— Os que tiñan xa ideas políticas formadas, si eran d'ezquerda, poucos se terán salvado da morte ou de persecucións. De dereitas había os caciques e algúns probes homes con vocación de servos. Eu supoño que a pregunta refírese aos campesiños que, aínda sendo homes dinos, estaban — fora do intre de votar — un pouco ao marxe da discusión política. Uns porque a topaban enliada e entretecida d'intereses que nada tiñan que ver cos auténticos do povo; outros por ignoranza; outros, en fin, por falla de fé.

O campo galego escomenzaba a saír d'un certo apoliticismo en que o tiñan mengullado as desilusións, e do «politiqueo» en que o abismaban as trampas do vello réxime. Escomenzaba a se manifestar con liberdade... Contra esa liberdade, contra a nacente «civilización» do campo — quero dicir: contra o despertar dos campesiños á vida civil — e para sometelos de novo a un caciqueo sistematizado, xuntáronse en Galiza aos mal chamados «civiles» — palurdos con mostacho e escopeta — total-as demais forzas inciviles, forzas que, quizais por seren as dos vividores, adoito chamábanse «forzas vivas». Agora baixo o terror imposto pol-as forzas podres — éste é o nome que lles convén —, non é doado a calquera entrar na intimidade d'un campesiño galego. Terase primeiro que convencer moi ben de que non é un espía o que pretende inquirir seu parecer, para se franquear. Eu coñezo ben os camiños do diálogo, teño tratado moito con eles e sei adiviñar — cando eles queren ser samente adiviñados — e non preguntar mais do debido... Pero abondaría ver as caras para saber o odio que teñen que privarse d'ispresar as verbas.

¿Pensamento?... Non se pode fechar en catro tópicos, é mais fondo, mais vivo e mais desesperado que canto decote leva o nome de «ideas» n'un xornal. A idea ousadente dun campesiño galego parécese a un trastorno de total-as ideas mais queridas, as que non certa a dicir o escolante nin o crego, senon que as dín o

mar, a terra frolecente, as luces do serán e da matizada, as lembranzas de mozo, o misterio da morte e da nacemento. As ideas así recibidas non falan de feixistas, nin os fan sentir. Pódense presentir, pol-as sombras da noite e pol-o furor das tempestades, forzas tremendas que non reparan en nós. O que non se presinte é o furor dos viles, dos podres, dos enclenques, convertido en lei, a insurrección das alcantarillas asoballando todo o que topa por diante... ¿Cómo pode ser? ¿Non perden sentido total-as verbas e total-as lembranzas? ¿Non teñen que estar perpleixas, destruídas, as almas dos nosos campesiños? ¿Non viron a escoria, sen deixar de ser escoria, poñerse nos cumios e apoderarse dos raios? Os nosos campesiños non caíron por isto en definitivo abatimento. Están a escismar en procura das fontes da súa propia iniciativa. No medio d'ese caos escomenzan a recoñecer o seu propio albedrio agachado, que non se conforma.

Un «¡non!» frenético, indómito, nace e medra no seu espírito. E xa prefere perdel-o todo (pouco lle queda que perder...) denantes de perder xa para sempre a fé n'algunha forza limpa, insobornable, que un home honrado leva dentro. E non se esquezna que son milleiros e milleiros de homes honrados os que foron feridos, e así pensan e sinten na nosa terra...

Grupo de socialistas gallegos

O grupo socialista galego envíanos a seguinte nota que temos moito gusto en publicar.

Habiéndose constituído el grupo de Socialistas Gallegos, cuya finalidad consiste en mantener contacto con cuantos camaradas de la España leal y del extranjero pertenezcan al Partido, y de cuyas relaciones sacar una coincidencia en orden a los problemas que se crean de interés para nuestro movimiento obrero y socialista, interesamos de todos los afiliados nos sean remitidas sus direcciones a fin de llevar un fichero que pueda ser en todo momento exponente de nuestras fuerzas.

Con tal motivo saludamos a todos los defensores de la libertad y de la independencia y en particular a nuestros hermanos los gallegos que luchan en los frentes y en la retaguarda por el triunfo de la República y por la liberación de nuestra querida tierra, rindiendo homenaje de profunda gratitud a todos los caídos al servicio de la causa de España y del Gobierno, a cuyo lado nos encontramos en el momento histórico y decisivo de nuestra independencia.

Domicilio social: Cirilo Amorós, 54, Valencia. — El Comité.

LOITO NA NOSA TERRA!

Sigue a lista dos fusilados. Véxanse números anteriores de NOVA GALIZA.

Ourense

Salvador García Pérez (a) Cabreiroá.
Ignacio Herrera, mestre.
Elixio Núñez, mestre.
Ausias Rodríguez, mestre.
Rafael, mestre.
Castor Rivera Alvarez, mestre.
Del Valle, estudante.
Callán, tendeiro da Praza da Leña.

A Coruña

Manuel Bestilleiro Galán.
Eliseo Freire Vila.
Joaquín Taboada Díaz.

O Ferrol

Joaquín Moreda Feal, auxiliar primeiro de Aeronáutica.
Jesús Antonio Arroyo Albini.
Juan A. Lera Rodríguez.
Jaime Pelayo Serrano.
Manuel Lestoya Barreiros.
M. Ruá Menéndez.
Ramón García Fernández.
Saturnino Fernández Figueiras.
Perfecto González García.
Tristán Iriarte Rodríguez.
Jesús Lorenzo Mosquera.

Vigo

José Caldas Iglesias.
Antonio Carballo Vázquez.
José Manuel Cal Paredes.
Alfonso Santos Cabaleiro (a) Moreno de Teis.

Lugo

Lisardo Sotelo.
José Vázquez Lis.

Gondomar

Criveiro González, mestre.

Mondariz

Luis Soto Fernández, mestre.

Estrada

José Pérez López.
Manuel Nogueira González.
Ramón Fernández Rico.
Jesús Puentes Fontanes.
José Rodríguez Sangiao.

Besejos

Cándido Tafalla Gorís.

Sobero

Pedro González Castro.

Puebla de Brollón

José Casa Martínez.

Santa Eulalia de Oso

Federico Murias García.

San Clodio

Benito Fernández, Alcalde, douz irmáns e unha irmá.

Monforte

Víctor Martínez, Presidente de I. R. Manuel Abeledo.

Negreira

Jesús Lens Patiño.
Benxamín Troitiña Beiro.
Manuel Pose Suárez.
Jesús Barros Manteiga.
Manuel Fajín Páramos.
José María Crego.
Alfredo Pas Lemos.

Betanzos

Ramón Bonome, Concellal.

A Estrada

José Vidal, zapateiro.
José Cortés Fernández, mestre.
José Gómez Rivas, Concellal.
Caitas, mecánico.
Ramiro «da Forxa», canteiro.

SOBRE OS DEMOCRATAS

Hai duas castes de demócratas (descontando os que usan ese título como disfraz): Os que non queren mais que a democracia, e os que queren ademais — e sobre todo — os seus fritos. Para os primeiros a democracia é un valo protector, en cuio recinto agardan faguer tranquilamente o seu negocio, pequeno ou grande. Para os segundos é un arbre, e quédanse pasmados cando alguén, chamándose demócrata, non quere deixalo froitificar ou pódalle as melloras ponlas para faguerlle inertos inicios. Os primeiros teñen un lingoaxe formalista, xurídico. Os segundos falan d'un xeito realista, por veces revolucionario. Os formalistas rematan claudicando, aínda que moitas veces ensarillen as formas — mais ben «formalidades» — para poder seguiren chamándose demócratas. (Fan eso cando temen pol-a seguranza do seu negocio.) Os realistas, postos n'ise caso, chegan a maldecir das democracias. (No fondo o que maldín é o formulismo evasivo — por veces traizoero — dos que defenden o valo dos seus intereses poñendo n'el un letreiro democrático.) Chega un intre en que xa non se sabe si aquela fórmula ten cimentos democráticos ou si non ten mais que o letreiro. Os formulistas e os hipócritas — a terceira caste — chegan a parecérsele moito, quizais a seren os mesmos (non en vestidura, pero si no fondo dos móbiles e dos procedimentos) nos intres decisivos.

O demócrata realista, o que ten fe na boa vontade d'un povo, o que estima a democracia como un diálogo para chegar a un resultado — e non como unha regra conservadora —, non por isto nega que moitas cousas — as que o merezan — deban seren conservadas. Mais quere que a democracia opere para destruír as caducas. D'aquela o formulista xeneraliza, e chámalle destructor. Pensa que o que quer non é faguer un horto, senon unha escombreira. Pensa o mesmo que as herbas parásitas e o ramallo vizoso postos no caso de maldecir a fouce.

Si o formulista falase craramente desacreditaría. Con moita solermia vaine embrullando todo, e ten para iso tan descarado inxenio que pode — chamándose demócrata até o fin — topar fórmulas para axudar aos enemigos da democracia ou para pactar con eles, con tal de que o seu valo, o regra de vida social que asegura a liberdade de movementos para o seu negocio, sexan respetados.

Trátase, realmente, de herdeiros, d'una banda, e creadores, da outra. Din os herdeiros en tempo de paz — por exemplo os

herdeiros d'un imperio: «Poñámanos d'acordo para gozar da herenza, respetemos despois o acordo — lei —, ou deliberemos para chegar a un novo pacto cando faga falla.» A forma deliberante chámase democracia. Hai despois que perguntar: «¿Quén delibera?» E para que se poida responder: «Todos, ou algúns en representación de todos» —, dando así carácter universal, «moralidade», á regra democrática — búscase unha fórmula na que se deixa certo marxén d'acción aos menos favorecidos pol-o herdo, e así á constitución de forzas conságrase xurídicamente como *pacto constitucional*. No pacto — non se pode negar — hai certa universalidade de miras (d'outro xeito non sería tolerado en tempos democráticos); conságranse n'el fecundas liberdades — cada vez mais e mais fecundas según vai sendo conquistada a democracia pol-a boa vontade popular. Mais cando a conquista chegou a un límite en que un país pode, dentro do marco da Constitución, constituírse

realmente en povo libre, no que a cidadanía sexa un feito, entáblase unha loita, xorda ou declarada, entre os que embrullan os dereitos e os que queren feitos.

Internacionalmente pasa o mesmo. E velahí porqué o povo hespañol — que ten, xa de antigo, sona de realista — tócase ante a espada dos bárbaros e a parede dos formulistas.

A ese realismo chámalle quixotismo. (Don Quixote era un home que toleou e quería faguer do dereito un feito; combatía sen axuda e soñaba mais da conta; pero oxe en día xa non confundía moñitos con xigantes; loita cos ollos moi abertos — e con infindo sagrifizo —, e agarda o xuízo dos homes de ben, que s'ha de trocar en forza, sen faguer moito caso dos enredos diplomáticos.)

Non-o han de vencer d'esta vegada, nin arrieiros feixistas nin bachilleres pseudo-demócratas.

A mentira é un carafuncho. Inza e reventá cando está maduro. ¿Coidades que inda pode madurecer mais?

R. D.

PASAJES DE UN DISCURSO

LA JUSTA VOZ DE AZAÑA

En un luminoso discurso, al expresar con honda responsabilidad su propio sentir, el Presidente de la República ha acertado a expresar el de España en puntos capitales. A modo de resumen brindamos a nuestros lectores los siguientes pasajes:

Yo me opondré, con todo el peso de mi autoridad y con todo el poder que yo tenga, moral o personal, donde quiera que esté, a que nuestro país, el día de la paz, pueda entrar nunca, en un momento de enajenación, por las vías del odio y de la venganza...

¿Sociedad de Naciones? ¿Comité de Londres? ¿Tratos diplomáticos? ¿Amistades preciosas? ¿Propaganda? Muy bien; todo eso es admirable, pero el Ejército de la República vale más. ¡El Ejército de la República!

Y lo que se trata aquí, con la victoria y la paz y el ensanchamiento de la República y el engrandecimiento de la sociedad española, es de poner tan alto el nombre de España que, cuando salgamos al mundo, el apellido de español sea un honor difícil de alcanzar; porque entonces el español podrá salir de su tierra y, sin cólera, pero con altivez, arrojarle en la cara a los demás su papeleta: «— Ahí tenéis la libertad y la justicia que nosotros hemos conquistado para todos.»

Habiendo sido fundado el Comité de Londres para que no intervenga nadie en el conflicto español, la única no intervención que el Comité ha logrado ha sido la no intervención de la Sociedad de Naciones.

Vienen a buscar las minas, vienen a buscar las primeras materias, vienen a buscar los puertos,

el Estrecho, las bases navales en el Atlántico y en el Mediterráneo. Y todo eso, ¿por qué? Para dar jaque a las Potencias occidentales, interesadas en mantener este equilibrio y en cuya órbita política internacional, precisamente, España ha venido rodando durante muchos decenios. Para dar jaque lo mismo a la Potencia inglesa que a la francesa. Para esto es la invasión de España.

Nuestro pueblo es un pueblo generalmente desconocido de todos y particularmente de nosotros mismos. ¡Pueblo mal conocido! ¡Es verdad! ¡Pueblo terrible!... El pueblo español es un pueblo terrible, principalmente para sí mismo, porque es el único pueblo en Europa capaz de clavar en su cuerpo su propio aguijón; pero también es un pueblo terrible para los demás. A mí me da lo mismo que me hablen de planes de guerra, de planes políticos, de actas diplomáticas; me es igual. Yo sé que hay más de medio millón de españoles con bayonetas, en las trincheras, que no se dejarán pasar por encima. Eso basta.

No vayáis a creer que yo estoy pensando en una política fundada en las armas, ni en que vamos a militarizar el país. No. La gran virtud de los Ejércitos populares es que se enfiebre y enardecen por ideales patrióticos que están defendiendo en las trincheras, y cuando este ideal ha vencido, dejan sus fusiles y cogen su herramienta o su libro y se vuelven al taller o al cuarto de trabajo, a ser los ciudadanos pacíficos que siempre fueron. Esta es la gran virtud de los Ejércitos populares.

Para la historia del fascismo

LA POBLACION DE GUIPUZCOA BAJO LA GROSERIA FACCIOSA

DESOLACIÓN DE LA CIUDAD. — MÁS DE 6.000 ASESINATOS

Por otra parte, el extranjero quedó perfectamente enterado de los motivos del desolado aspecto de la población. Era el resultado del régimen de terror impuesto por los facciosos. Se calculaba que más de la mitad de los ciudadanos de San Sebastián habían huido, en dirección a Vizcaya, poco antes de la invasión de los fascistas. Más de 4.000 casas habían quedado abandonadas. Luego la persecución contra las familias que habían quedado en la ciudad había adquirido proporciones aterradoras. La simple sospecha de ser simpatizante con los partidos del Frente Popular, significaba una fulminante sentencia de muerte. Así habían sido asesinadas ya más de 6.000 personas, entre éstas gran número de sacerdotes acusados de adhesión al nacionalismo vasco.

Relatos, según la información suministrada al Jurado de Urgencia de Murcia por un ciudadano extranjero, del que, por ser súbdito de una nación de régimen fascista y residir su familia en ese país, no se hace público su nombre, en evitación de represalias. Pero la escrupulosa identificación de su personalidad y la contrastación de sus declaraciones, obran en la Fiscalía de la Audiencia Provincial de aquella ciudad.

LA HORDA FACCIOSA

Desde que había caído en poder de las fuerzas del fascismo internacional, la ciudad de San Sebastián, antes tan bulliciosa y dinámica, se había transformado en una población triste, como sumida en una sombría postración.

Aquel extranjero, que tantas veces hubo de visitar la bella capital de Guipúzcoa, en días en que el pueblo donostiarra, libre y feliz, mostraba su espontaneidad campechana, estrepitosa en el alborozo, sintió una deprimente sensación de pena al recorrer ahora sus calles sucias, deterioradas, con muchos edificios cerrados y como en abandono, por las que transitaba la gárrula muchedumbre militar facciosa, espesa y maloliente, que lo llenaba todo con gritos soeces y disputas ruidosas, provocadas por el alcohol o por las rivalidades nacionales de aquella soldadesca procedente de los países fascistas. Falangistas españoles — mezcla de señoritos achulados y de perularios de la peor laya —; moros desarraigados, que se despiojaban tumbados en las aceras; italianos provocadores, que hablaban con grandes aspavientos como si quisieran imponerse hasta con la supremacía de su idioma; alemanotes bruscos, medio idiotizados por la excitación del vino español, que caminaban en grupos oscilantes y cantaban coros destemplados...

De vez en cuando, pasaba algún personaje faccioso español — con petulante uniforme de falangista o requeté —, al que nadie hacía caso...

ABUSOS, ROBOS, REYERTAS POR EL REPARTO DEL BOTÍN

Cuando el informador llegó al Hotel Correo, hubo de abrirse paso entre unos numerosos grupos de falangistas que manifestaban comentarios en actitud de protesta. Poco después, el dueño del establecimiento le explicaba que aquellas gentes, que desde que invadieron la ciudad le habían obligado a mantenerlas gratuitamente, se habían soliviantado cuando él hubo de comunicarles que, por haberse casi agotado las subvenciones, no le era posible atenderles con el despilfarro a que se habían habituado. Además, la Dirección del Hotel había pretendido cortar el abuso de que los fascistas hubiesen convertido aquel edificio en el lugar donde se repartían el producto de los robos que realizaban en la ciudad y en el escenario de las reyertas que surgían entre ellos con motivo de la participación de cada cual en el botín.

LAS MUJERES DONOSTIARRAS FUSILADAS ARTERAMENTE

Después de asesinados los varones — sin someterles a proceso — continuaba la represión contra sus esposas, madres o hijas. Las redadas de mujeres, cargadas con sus hijos pequeños y unos leves hatillos, eran conducidas a Navarra y allí empleadas en los trabajos del campo en substitución de los hombres útiles que en esa provincia habían sido enrolados en el ejército faccioso. Allí se las pagaba con una mísera bazofia y se las albergaba en inmundos barracones de madera, en los que las pobres habían de permanecer hacinadas por la noche, después de las rudas jornadas del día. La alimentación deficiente y las enfermedades infecciosas iban acabando con aquellas desdichadas.

Un día la desesperación las hizo estallar en un conato de rebeldía. Cuando los facciosos que, con armas y látigos las despertaban para obligarlas a ir al trabajo, llegaron a los barracones, muchas mujeres manifestaron que preferían morir a continuar en aquella situación. Los facciosos deliberaron, y urdieron un plan de escarmiento. Con taimada sonrisa, fingieron que se hacían cargo de la razón que asistía a aquellas infortunadas. Estaba bien; aquella misma noche cesaría su sufrimiento, pues ellos habían decidido dejarles libre el camino hacia la zona «roja» para que fueran al encuentro de sus hombres.

Aquella noche los grupos de mujeres astrosas, con sus pequeñuelos, fueron conducidas hasta las trincheras de la línea de fuego. Se las indicó el camino; allá, a medio kilómetro, estaban los primeros reducidos del Ejército republicano, podían marchar ellas sin cuidado, en aquella dirección. Las mujeres corrieron presurosamente hacia su libertad...

Pero repentinamente las ametralladoras facciosas lanzaron sus ráfagas mortíferas contra aquellas infelices que, entre un griterío angustioso de seres aterrorizados, iban cayendo asesinadas por la espalda, hasta que de aquella desdichada caravana no quedó sino un amontonamiento de cadáveres.

Horas más tarde, las radios facciosas lanzaban al mundo la noticia de que los «rojos» habían disparado contra sus propias mujeres. Con su cinismo inigualado pretendían los facciosos convertir su crimen horrendo en un motivo de propaganda contra la España republicana.

DE LA GALICIA HEROICA

LA GESTA DE RIBADEO

Junto a la «frontera» gallego-asturiana. — Los primeros chispazos. — Emboscadas fracasadas. — Los bravos carabineros y los traidores de la Guardia Civil. — La conquista del pueblo.

Ribadeo, la incomparable villa gallega, con sus 9.000 habitantes y su ría de ensueño, forma la «frontera» natural que divide las regiones gallegas de las asturianas, en la provincia de Lugo. Allí ejercía su profesión de barbero Angel Nogueira Santos, destacado militante del partido galleguista, recientemente evadido del campo faccioso y a quien debemos esta interesante información.

Todo era tranquilidad en el lugar. Animación en su célebre mercado de los martes, alegría por los buenos «cocos» que desde muchos meses lograba a diario la gente de mar, proyectos risueños ante la espléndida cosecha que se dibujaba en los campos y arreglos de casas y «chalets» que habían de rendir muy lucidos alquileres los veraneantes de Lugo, Pontevedra y Castilla. Pero apareció la nube preñada de pronósticos inquietantes. Se reunieron unos fascistas con aquel Manuel Cortés Naz y el portugués José Neira, sujetos de mala historia, y los elementos populares comenzaron a inquietarse. La Casa del Pueblo montó tres rondas de incondicionales para vigilar la villa. Se sorprendió una reunión en la iglesia, pero las autoridades no se decidieron a obrar, asegurando que se trataba de pacíficos congregantes de una Adoración Nocturna.

El día 18, el Frente Popular recibió la visita de una extraña Comisión de Lugo que fué para enterarse de cuántos hombres estaban listos para defender a la República.

— Aquí — contestó el presidente — tenemos dos mil quinientos y medio millar más que llegarán de Asturias al primer aviso.

— Pues entonces, que vengan seiscientos hombres a Lugo, para ayudarnos a realizar obras de fortificación y defensa de la ciudad — dijo uno de los misteriosos visitantes.

— Para eso, no sale un hombre del pueblo — respondió el presidente —, porque aquí los necesitamos para lo mismo.

No consiguieron nada los comisionados. Aquello después se supo, era una emboscada que había preparado el teniente Aranguren, que ya en franca rebelión la ciudad de Lugo, había sido nombrado por los facciosos Gobernador civil, para fusilarlos al entrar en la ciudad y apoderarse del pueblo sin lucha alguna.

Por la noche se supo en el pueblo lo que ocurría. El Alcalde dió un bando y los elementos de izquierda se apoderaron de todas las armas en poder de los fascistas locales, cuyos jefes desaparecieron. Se dispuso la defensa de Ribadeo. Desde el primer momento, los cuarenta carabineros de aquel puesto se sumaron a la causa del pueblo al mando del teniente José Lorenzo. El capitán de dicha fuerza, apellidado Alejandro, pretextando hallarse enfermo, se encerró en su casa, para sumarse, pasado el primer peligro, a los rebeldes. Exactamente igual ocurrió con los treinta guardias civiles del puesto, que se encerraron en su casa-cuartel, asegurando que cooperarían a la defensa de la República, para después apoyar a los fascistas y secundar toda clase de crímenes y atropellos. Así transcurrió el tiempo hasta el día 23, en que por una confidencia se supo que se dirigían hacia Ribadeo cincuenta automóviles con elementos fascistas. Se aprestaron los vecinos a defenderse. Se levantaron papapetos, barricadas, se establecieron puestos de observación y los puntos más estratégicos de acceso a la villa fueron ocupados por los carabineros y paisanos armados con rifles y escopetas. Los que tenían pistolas, cartuchos de dinamita y bombas fabricadas a toda prisa y por los más rudimentarios procedimientos, se distribuyeron por el interior del lugar. La gente estaba llena de esperanzas, pues creía que el enemigo se componía solamente de milicianos fascistas. A la una de la tarde, una descarga cerrada de los carabineros anunció la presencia de los rebeldes. La sorpresa fué terrible al ver que los que llegaban eran todos los efectivos militares del Regimiento de Zamora, con ametralladoras y morteros. Pero la reacción fué terrible. Todos los hombres y mujeres se lanzaron a los sitios de mayor peligro, y la defensa ante fuerzas y material tan superior en número y calidad fué encarnizada. Duró más de seis horas. El fuego contra los fascistas era espantoso. No podían llegar a los

arrabales. Tuvieron más de setenta muertos. Cañonearon el pueblo. Entraron a sangre y fuego por sus calles, y desde los balcones, ventanas y azoteas se les tiraban bombas, cartuchos de dinamita, piedras, muebles y agua y aceite hirviendo. Pero la fuerza se impuso y a las ocho de la noche, después de haber sacrificado a más de cien leales a la República, los fascistas se apoderaron de Ribadeo. Entonces se lanzó a la calle la Guardia civil, sumándose a la rebelión y comenzando a practicar detenciones y a repartir culatazos y palizas feroces. Más de trescientos vecinos salieron a pie por la carretera, atados, sangrando a causa de los golpes y heridas, camino de la capital.

La moza que vengó un ultraje. — Los primeros fusilamientos. — Mujeres ultrajadas. — Se organizan los asesinatos.

Había ya cerrado la noche. Por el pueblo todo eran gritos y lamentos, mezclados con constantes descargas de la fusilería facciosa que trataba de dar alcance a los elementos del Frente Popular y a sesenta milicianos republicanos que, a nado, lograron atravesar la ría y refugiarse en tierras de Asturias. Por todas las calles se veían patrullas de falangistas y Guardias civiles que, a viva fuerza, iban apoderándose de obreros y elementos izquierdistas sin hacer caso de ruegos y lamentaciones de las familias.

Junto a una huerta de la carretera, a la salida, en la ruta de Lugo, uno de los pelotones facciosos, al mando de un oficial, iba arrastrando, dándole puntapiés y vergajazos, a un pobre viejo que no quería confesar dónde se había refugiado un hijo suyo, directivo de una Sociedad de pescadores. La víctima pedía clemencia, y sus verdugos se complacían en pincharle con la punta de sus machetes.

— ¡Valiente hombrada para asesinos! ¡Bien ganáis el jornal, granujas! — exclamó, roja de indignación, Dolores González, hermosa muchacha de veinte años, doméstica de la finca, a cuya puerta estaba aún con una escopeta.

Se fueron sobre ella los falangistas. Se adelantó el teniente y le arrebató el arma, y después trató de abusar torpemente. La joven dió un salto hacia atrás y, sacando, rápida, una pistola, que ocultaba en el pecho, descerrajó sobre su ofensor tres tiros, que le destrozaron la cabeza. Cayó muerto y los fascistas que le acompañaban se apoderaron de la joven Dolores, maniatándola y arrastrándola a patadas hasta la plaza del Ayuntamiento. No se hizo esperar el espectáculo horrendo. Junto a un paredón, los falangistas acibillaron a tiros a la moza, al teniente de Carabineros José Lorenzo, que había sido herido, a otros cuatro Carabineros también heridos, a los paisanos Francisco Fernández, Ramón Crespo Rodas y Manuel Tella y a una muchacha llamada Mercedes Fernández, de veintiséis años, socialista, que se negó a vitorear al fascio y escupió a un jefe de Falange. Allí, para horror del vecindario, quedaron los cadáveres más de treinta horas.

Después los asesinos se dedicaron a saquear las casas del pueblo, pertenecientes a obreros y elementos republicanos y a atropellar mozas y casadas, cortándolas el pelo y administrándoles grandes cantidades de aceite de ricino.

Mientras estos sucesos se desarrollaban en Ribadeo, procedentes de este pueblo llegaban a la cárcel de Lugo doscientos cuarenta y ocho detenidos. A los tres días, dentro del recinto de la misma prisión eran fusilados un alférez de Carabineros, los dirigentes de socialistas Luciano Tolete, Francisco Bellón, Antonio e Fernández Deco- rada y setenta obreros y jornaleros de la desventurada villa gallega.

Pero no habían de parar aquí las tragedias que han de ensombrecer durante muchos años la vida del pueblo.

Ladinamente, los jefes locales, un abogado apodado «Condín», el portugués Neira, Leonardo Cuervo Cortés (a) «Tito» — fraile perjuro —, un hermano suyo llamado Rafael, médico; el Secretario de Falange, Manuel Cortés, su hijo Pepe, y el cura de Ribadeo, Enrique López Gálúa, organizaron las matanzas extraoficiales. Disponían de un automóvil, que la gente llamaba el «Centollo», que, ocupado por parte de los nombrados y por un quinteto de pistoleros, se dedicaba a recoger detenidos en la cárcel del pueblo, que marchaban sin rumbo conocido. Horas más tarde, horriblemente mutilados, acibillados a tiros, se les encontraba en las

carreteras y caminos, siempre a 1 kilómetro escaso de Ribadeo.

De esta manera, sometidos a increíbles torturas y bárbaros martirios, asesinaron el día 30 de julio a cinco vecinos de Castropol y a otros tantos de Vegadeo, así como también a Daniel Monje, delineante de Obras Públicas, y al enfermero del Hospital, José Cantalapiedra.

El día 31 asesinaron a Bruno, el Barquillero; a José Longareda, «Magín», jornalero, y a un marinero llamado Enrique Navarret.

El día 2 de agosto sacaron de la cárcel y mataron, junto al muelle, a Viriato Campoamor, escribiente; a Santiago Farfías, presidente del Partido Socialista; a José Torviso, concejal; a Antonio Alonso, jornalero; a Lino Castiñeiro, obrero; a Ramón Fernández, Ca-

rabinero, y a una muchacha llamada Juana Pulpeiro, de veinticinco años, detenida por haber facilitado la fuga de varios socialistas.

El día 3 de agosto, el «Centollo» hizo varios viajes a Vivero, trayendo numerosos detenidos. Veinticinco de éstos acibillados a tiros y a puñaladas, quedando los cadáveres en las ruinas de una casa abandonada en la carretera de Lugo.

Así inicia el fascismo sus primeros pasos en Ribadeo. El peluquero Angel Nogueira Santos resulta herido, desaparece cuando van a prenderlo para fusilarle y está seis meses escondido dentro del propio pueblo. Ya seguiremos relatando las monstruosidades que desde su refugio presencia a diario, hasta que logra huir de aquel cubil de fieras.

VOCES LEALES

¡GALICIA MIA!

Por Basilio ÁLVAREZ

Lo que me sorprende es cómo no me estalló el pecho de rabia y de dolor. Estoy horrorizado de mí mismo al pensar que sobreviví después de haber pasado la vista por la relación de los asesinados por el fascio en mi tierra. ¡Parece el padrón de las personas decentes!

NOVA GALIZA, órgano oficial que los escritores gallegos antifascistas publican en Barcelona, trae la lista de los gallegos destacados, de las cuatro provincias, víctimas de la metralla facciosa. No están todos, ni mucho menos, pues según mis noticias, se acerca a cincuenta mil el número de los que sucumbieron, pero con los nombres que registra NOVA GALIZA hay bastante para enloquecer. Con más razón que el heroico comunero segoviano, yo era el que debía exclamar: ¡Cómo no me habéis quitado la vida, Señor, antes de que hubiese visto morir a los mejores hombres de Galicia!

Los fusiles facciosos fueron derechos a buscar la selección con una perfidia que sonrojaba a los mismos monstruos. ¡Todo cerebro susceptible de una idea generosa fué acibillado a balazos! ¡Todo pecho que albergase una emoción liberal dejó de latir para siempre! ¡Tras ellos, la ingente masa de excelentes obreros y campesinos ensangrentados se fué yerta también a hacer rebordar los sepulcros, que están atiborrados hasta los cielos! Y uno, para que la vergüenza no le abra la cara con fiebre de oprobio, al pensar que el jefe de la rebelión nació en Galicia, se echa a bucear sobre las vidas de estos seres tan bárbaramente inmolados, afanoso de encontrar algo que explique, ya que justificar no sería posible, el espanto de sus muertes violentas. Pero con la investigación no adelantamos nada. ¡Al contrario! Después de la incursión a caza de máculas, nuestra angustia y nuestro sonrojo adquieren los tonos de una cruel pesadilla, porque estos hombres, tan villanamente sacrificados, constituían las conductas más limpias, eran ciudadanos ejemplares que discurrían dignamente por el campo de sus ideologías insobornables.

¡Su único crimen era amar a su tierra! Y como si la intensidad del afecto a su patria calibrase la furia de sus verdugos, cuanto más encendido era el amor al país, más multiplicaban los fascistas su saña.

Y eran la «élite», aunque me repugne el empleo del galicismo; pero lo empleo porque me parece un vocablo justo, en su sobriedad magnífica, para expresar la categoría del valer y los altos quilates del prestigio. Sólo faltan a la lista los doctores Cadarso y Novoa Santos, el escritor Villar Ponte, el poeta Antón y los profesores Porteiro y Losada Diéguez, porque tuvieron la suerte de morir pocos años antes; sino, tengo la seguridad de que fi-

gurarian en el número de los masacrados.

¡Nadie puede imaginar la alevosa crueldad, el instinto de fiera agresión a toda sacudida cultural con que los fascistas irrumpieron en las casas gallegas, para apagar, una a una, todas las luminarias del pensamiento! Fué una batida implacable, una salvaje y monstruosa función de cetrería donde las alimañas eran infelices habitantes que sólo cometieron el delito de mirar hacia sus vidas honestas y fecundas con un sentido, por humano, progresivo y civilizador. Leyendo los nombres de los que fueron fusilados, yo que conocía a la mayor parte, que con muchos conviví en las horas nobles y encendidas de la lucha por los comunes ideales, que varios se sentaron conmigo en la mesa de la redacción para dar aire a las ideas, siempre decoradas por el fervor patriótico, dentro del ansia redentora del pueblo, que algunos me acompañaron a la tribuna pública y contemplé con qué emoción calentaban las almas ateridas para que se apasionasen por el amor a la tierra y al bien público en acción fiscalizadora, que unos fueron mis maestros con cuyas enseñanzas se retempló mi espíritu, y otros, por humildes, mis discípulos, puedo asegurar, que los facciosos en Galicia asesinaron de un golpe a lo más útil y lo más fino, en su rotación superadora. ¡Ah! Esa imagen, esa figura retórica de la brutal cacería con que los traidores se entregaron a la persecución del pueblo gallego, no es mía, sino de ellos. En los diarios fascistas de la Coruña, leí más de una vez, en Buenos Aires, esta noticia: «En la batida que hemos dado ayer en nuestros montes hemos cobrado las siguientes piezas»: Y seguían los nombres de los desventurados que asesinaban. ¡Habría bárbaros!

Yo creo que su programa exterminador no alcanzaba solamente a los hombres que tuviesen en su conciencia un conato de democracia, sino que se extendía a todos los que fuesen capaces de sentir en sus almas una inquietud decorosa. Y pienso más. Pienso que si mataron a tantas personas inocentes que, además, eran, por su dinamismo austero y sus fecundas actividades, lo más considerable del país, que esa era la manera de asesinar las ideas. ¡Insensatos! ¡Como si el pensamiento fuese coercible! Y pensar que para estos aberrados hubiese hecho uno de su cuerda conservadora, aunque español de calidad, esta frase lapidaria. ¡El pensamiento no delinque!

Porque yo me pregunto: ¿Qué es lo que en Galicia podía empujar a los facciosos a desencadenar ese furor de fieras? Y por más que me devano los sesos no encuentro ni los rudimentos de un motivo. Galicia, por una debilidad inexplicable de

sus cuatro gobernadores que se opusieron a armar al pueblo — bien cara pagaron su negligencia, pues los cuatro fueron fusilados por los rebeldes —, cayó en poder del fascio a las primeras de cambio, y así continúa. Apenas hubo, por consiguiente, lucha que pudiese determinar el rencor obligado para matanzas tan espantosas. Es inconcuso también que el pueblo gallego tiene las manos limpias de sangre. Allí nadie pudo tomarse la venganza por su mano, y por ello no es posible poder hablar de represalias, ni de «paseitos» que, inflados por los facciosos, tan a maravilla les sirvieron para perpetrar las grandes masacres en los pueblos que fueron ocupando. Tampoco la leyenda del comunismo les puede servir para nada. Como yo, saben los rebeldes de Franco que en Galicia los comunistas pueden contarse por los dedos. Pero es que por añadidura, el propio aliento marxista, si se exceptúan las capitales y las ciudades de Vigo, Santiago y El Ferrol, es difícil que se perciba en todo aquel país eminentemente campesino y pequeño burgués en las tres cuartas partes de su población total. Y hasta en vena de estrujar mis recuerdos, por ver si en el dulce y sencillo panorama de aquella tierra honrada y trabajadora me topaba con algún fleco que pudiese conducir a los fascistas a tanto crimen, fuí a desembocar al problema religioso. Y el caso es que ni aquí. ¡Negro se veía el mismo Tribunal de la Inquisición para llevar a los asesinados por los facciosos a la hoguera! Sin el fariseísmo criminal del fascio, ni el tono facineroso de estos hipócritas apologistas de nuevo cuño, la religión todavía en Galicia conservaba en el alma del pueblo su primitivismo tierno; a ratos ingenuo y a ratos emocionante y comprensivo, en su regazo de lana, dulce, añejo y patriarcal. ¡Ahora eso voló, por obra de estos terribles dispensadores de la gracia del Altísimo! Pero a lo que iba. Tampoco por ese lado podía justificarse, ni aún en las épocas medievales de los Juicios de Dios, esta era de terror.

LETRAS DE LOITO

A morte do comandante Pando

N'un dos derradeiros números de Galiza publicábase unha breve semblanza de Gonzalo Pando, un dos mellores xefes militares que dou Galiza á causa da lealdade. «Como terían d'aclamalo — decíamos — en chegando a Sant-Iago, aqueles camaradas do tempo estudantil, si os máis nobres non houberan xa sucumbido baixo a cega ferocidade do feixismo! O comandante Pando, que cursou nas aulas composteláns a carreira de médico, exerce oxe con grande amor e enérxica virtude a de soldado... Un soldado de premeiro orde, de cúa camaradería — concillada coas máisimas dotes de mando e d'organización — felicítanse todos os que combaten ao seu lado». Estas verbas, ditas con orgullo, adquiren oxe unha súpita gravidade: a que lles presta — confirmándoas — unha morte heroica. Ferido en Brunete, o comandante Pando, en plea mocidade, fondamente querido e respetado polos que se avencellaban á súa vontade en todos os perigos, acaba de morrer. Camiño de Sant-Iago, maisque non vaia sen corpo, irá a lembranza do seu forte e xenil espírito cando alá poidan xa ouvir as nosas voces craras baixo o limpo ceo da xustiza, que él amou até o fin...

Casa d'Assistència PRESIDENT MICH Imprenta